

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 9**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA (maio) que terá lugar o día 2 de XUÑO de 2014, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores:** (sesión ordinaria do 31.03 e extraordinaria do 28.04.2014).
- 2.- Declaracións institucionais.**
- 3.- Ditames das comisións informativas:**

#### **ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN**

- 3.1.- Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas na Lei de Contratos do Sector Público, correspondente ao 1º trimestre do ano 2014. Expte. 7275/540 (886/1101)

#### **URBANISMO**

- 3.2.- Dar conta da contratación por emerxencia da obra de execución subsidiaria de derruba na nave industrial de "Frigoríficos Berbés" sita na Av. Beiramar nº 73. Expte. 7036/407 (888/1101).
- 3.3.- Proposta de aprobación definitiva do PERI "Barrio do Cura". Expte. 12403/411 (891/1101).

- 4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**

- 5.- Mocións:**

- 5.1.- Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Xunta de Galicia ó obxecto de que aporten a mesma cantidade que o Concello de Vigo para a realización da feira de Conxemar. Expte. 895/1101.
- 5.2.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao SERGAS a non pechar nin unha soa cama na Área Sanitaria de Vigo. Expte. 896/1101.
- 5.3.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a inmediata reposición dun programa que contemple as necesidades de

aluguer de vivenda para os colectivos máis necesitados e desprotexidos.  
Expte. 897/1101.

## **6.- Asuntos ou mocións urxentes.**

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**

1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

#### **2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**

#### **3.- Comparecencias de membros da Corporación.**

#### **4.- Mocións.**

4.1.- Moción do Grupo municipal do BNG instando ao goberno municipal a potenciar o Aeroporto de Peinador como ferramenta de benestar e prosperidade económica e turística de Vigo e de Galicia. Expte. 890/1101.

4.2.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a creación dun programa para o fomento e integración do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. Expte. 879/1101.

4.3.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal que asuma a reparación íntegra da praza en superficie do aparcadoiro da R/Coruña, próxima aos edificios dos xulgados e facenda. Expte. 892/1101.

4.4.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a estudar a posibilidade de crear un Festival Internacional de Teatro relacionado coa cultura galega e latinoamericana. Expte. 893/1101.

#### **4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.**

#### **5.- Formulación de rogos.**

#### **6.- Formulación de preguntas.**

## **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA (maio) no salón de Plenos ás **NOVE HORAS** do día **DOUS DE XUÑO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 29 de maio de 2011

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.